



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 30 DE ABRIL DE 2021.

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDE, que preside:	
D. Carlos Vieitez Fernández	Non adscrito
CONCELLEIROS:	
D. Ramón Tilve Castro	Non adscrito
D ^a María Estévez Barbeito	Non adscrita
D. Ángel Currás Pérez	Non adscrito
D ^a M ^a Dolores Balboa Lores	Non adscrita
D. Ramón Alfonso Piñeiro	Non adscrito
D. José Manuel Ásperez Montes	MI
D ^a Cristina Castro Pintos	MI
D. M ^a Pilar Prado González	MI
D. Alberto González Dopazo	MI
D ^a Estefania Silva Silva	MI
D. Manuel Radio Oubiña	PSdeG-PSOE
D ^a Ana Belén García Piñeiro	PSdeG-PSOE
CONCELLEIROS NON ASISTENTES:	
SECRETARIA:	
D ^a M ^a Teresa Escudero Barral	

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 30 de abril de 2021, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión. Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

A) Parte resolutiva

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 26/03/2021.-

O Sr. alcalde-presidente pregúntalles aos membros da Corporación si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión extraordinaria de data 26 de marzo de 2021.

Non formulándose ningunha observación queda aprobada por unanimidade dos trece membros da Corporación.

2º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2021. (EXP. 261/2021).-

O Sr. alcalde-presidente da conta, someramente, da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto, sinalando que elaborado o Orzamento para o exercicio económico 2021, atopándose nivelado tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos e estimándose, en principio, suficientemente dotadas as aplicacións para





Concello de Meaño

atende-las obrigas esixibles; e acompañando ó mesmo a documentación que preceptúa o artigo 165 e 168 do R.D. Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cós artigos 18 e 19 do R.D. 500/1990, do 20 de abril e ao que se unen como anexos os previstos no artigo 166 do devandito R.D.Lvo. e nos artigos 12 ó 15 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, anexos de persoal e cargos con dedicación, as bases de execución do presuposto, nas que se conteñen as disposicións necesarias para a xestión do orzamento, o cadro de investimentos, o estado de previsión de movemento e situación da débeda, liquidación do orzamento do exercicio anterior, avance do corrente, informe económico-financieiro, informe de intervención e informe sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria e límite da débeda; polo que, co obxecto de poder atender ás diversas obrigas de competencia municipal, proponlle ao Pleno a adopción do seguinte acordo, que foi ditaminado coa abstención do/as Sr./Sras. García Piñeiro, Ásperez Montes e Castro Pintos e tres votos a favor dos membros non adscritos) favorablemete pola Comisión Especial de Contas, coa corrección do erro que figuraba na proposta inicial e que afectaba á asignación aos grupos políticos:

1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2021 pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos de TRES MILLÓNS OITOCENTOS SESENTA E DOUS MIL QUINIENTOS VINTESETE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (3.862.527,95 €), co resume por capítulos que figura na proposta.

2º/ Aproba-las Bases de Execución do Orzamento tal e como figuran redactadas, coas delegacións contidas nas mesmas.

3º/ Formar e aproba-los Anexos ou plantilla de Persoal (Denominados Relación-Catálogo de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal) para o exercicio 2021, de acordo co disposto no artigo 90.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, integrada por:

- Doce prazas de funcionarios de carreira.
- Dúas praza de funcionario carreira de auxiliar administrativo a extinguir, extinguíndose no intre de que as titulares supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral.
- 59 postos de traballo de persoal laboral fixo, dos cales 23 con carácter discontinuo.
- Postos de traballo de persoal laboral temporal, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, pero que se consideran esenciais, inaprazables e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de





Concello de Meaño

racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Co complemento de destino (nivel) asignado a cada unha das prazas de funcionarios, que no experimentan variación con respecto as vixentes no exercicio 2020 e de complemento específico.

Co cadro de persoal que figura na proposta e coa adscrición do persoal declarado indefinido non fixo por sentenza, ata a cobertura dos postos con carácter laboral fixo, aos postos de traballo vacantes de persoal laboral fixo na categoría para a que foron contratados.

O cadro de persoal da escola municipal de música de Meaño abranguerá as seguintes materias: Bombardino, tuba, inicio linguaxe musical, linguaxe musical, clases grupais, trombón, música en movemento, guitarra, flauta, coro, piano, trompeta, clarinete, fagot, oboe, chelo, trompa, sasofón e percusión.

Dado que da resolución dos procedementos de estabilización de emprego non pode derivarse incremento de gasto, as imparticións destas materias e por ende as xornadas de traballo estarán determinadas pola:

- Disponibilidade de crédito na aplicación orzamentaria de retribucións de mestres de escola de música.
- A demanda do servizo.

Este mesmo criterio será de aplicación aos restantes postos de persoal laboral fixo discontinuo cuxos servizos estén suxeitos a demanda.

4º En relación á prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo do Concello de Meaño, aboar o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de disfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, acade o 100% das retribucións ordinarias do mes do inicio da incapacidade temporal.

5º Aproba-los Cadros de Retribucións do persoal funcionario e do persoal laboral, coas características que figuran nas bases de aplicación de retribucións e recollidos nas bases de execución, co incremento previsto no artigo 18.Dous da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021. Así mesmo serán de aplicación as instrucións que sobre xornada e horario de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado se diten pola Secretaria de Estado de Función Pública.

6º Aprobar, ó abeiro do artigo 75.1.2 e 5 e 75 bis.1 e ter.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, como cargos a desempeñar con dedicación e retribucións:

- As retribucións da Alcaldía, dedicación exclusiva 100% da xornada, para o exercicio 2021 ascenden a 38.000,00 €, que se distribuirá en doce mensualidades iguais.
- As retribucións da Concelleira de educación, cultura, deporte, ocupación do tempo libre, infancia e xuventude, turismo e comercio, dedicación parcial 10 horas semanais, para o exercicio 2021 ascenden a 5.000,00 €, que se





Concello de Meaño

distribuirá en doce mensualidades iguais.

7º Aprobar para o exercicio económico 2021, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a asignación de dotación económica aos Grupos Políticos, que ten carácter de subvención, que queda fixada nunha contía total de 3.200,00 € (2.880,00 €/2021 e 320,00 €/2020 MI) €, con cargo á aplicación presupostaria 912.48000.


Esta asignación distribúese en función dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo, que ascende a 320,00€/grupo/ano, e outro variable a razón de 320,00 €/concelleiro/ano, en función do número de membros de cada un deles, quedando asignado para o período xaneiro-maio como sigue:

Grupo político	Nº Concelleiros	Parte fixa €	Parte variable €	Total asignación económica €
PSdeG-PSOE	2	320,00 €	640,00 €	960,00 €
MI	5	320,00 €	1.600,00 €	1.920,00 €
TOTAL	7	640,00 €	2.240,00 €	2.880,00 €

Co recoñecemento do importe pendente de aboar por erro do cálculo no exercicio 2020 e que ascende a 320,00 € ao Grupo Municipal Agrupación de Electores Veciñal Meaño Independiente.

8º Establécense, ao abeiro dos artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, artigo 9 da Lei Xerla de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as seguintes subvencións nominativas:

ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA			
APLICACIÓN	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE
231.48000	Asoc. para Discapacitados ESPERANZA SALNÉS CIF G36282184	Programas de intervención terapéutica	700,00 €
231.48000	Asoc. Española de Loita conta o Cancro CIF G28197564	Atención psicosocial e prevención	350,00 €
231.48000	Fundación Amigos de Galicia CIF G15859911	Cobertura necesidades básicas a persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos	250,00 €
231.48000	Banco de Alimentos Rías Baixas CIF 94074051	Cobertura necesidades básicas a persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos	500,00 €
PROMOCIÓN CULTURAL			
334.480.01	Asoc. Cult Unión Musical de Meaño CIF G36143857	Director/conxunto musical-Fomento da cultura	12.000,00 €
PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE			





Concello de Meaño

341.480.01	Unión Dena CF CIF G36156305	Escola deportiva de fútbol- Fomento do deporte	9.500,00 €
341.480.02	Asoc. Deport. e CuturlaASMUBAL CIF G36535516	Escola deportiva de balonmán- Fomento do deporte	6.500,00 €
341.480.03	Asoc. Cultural e Deportiva GAM	Escola deportiva de tenis de mesa- Fomento do deporte	2.000,00 €
341.480.04	Asoc. Deport. e CuturlaASMUBAL CIF G36535516	Competición en liga nacional - Fomento do deporte	5.000,00 €

O convenio será o instrumento para canalizar estas subvencións.


9º Dáse conta da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite da débeda con motivo da aprobación do Orzamento Municipal 2021, no que se conclúe que cumpre o obxectivo de estabilidade presupuestaria entendido coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC 95 e cumpre o límite da da débeda ao non contar con débeda.

10º Que se expoña ó público o expediente do Orzamento con toda a documentación que o integra, por un prazo de quince días hábiles, mediante edictos publicados no BOP, no taboleiro de anuncios e páxina Web do Concello de Meaño para os efectos de exame e presentación de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, de non formularse reclamacións contra o mesmo; remitíndose posteriormente copias ao Ministerio correspondente e a Vicepresidencia, Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa publicación final do edicto do Orzamento, resumido por capítulos, co cadro de persoal aprobado e cargos con dedicación, segundo se establece na lexislación vixente.

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, por cinco votos en contra (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal MI) dúas abstencións (do/a concelleiro/a do Grupo Municipal PSdeG-PSOE) e seis votos a favor (dos/as concelleiros/as non adscritos) acorda:

1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2021 pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos de TRES MILLÓNS OITOCENTOS SESENTA E DOUS MIL QUINIENTOS VINTESETE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (3.862.527,95 €), co seguinte resume por capítulos:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.549.904,00	1	Impostos directos	1.279.500,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.515.750,00	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	585.710,00
4	Transferencias correntes	223.900,00	4	Transferencias correntes	1.579.854,00
6	Investimentos reais	553.973,95	5	Ingresos patrimoniais	4.500,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	382.962,95
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00





Concello de Meaño

			9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	3.862.527,95		TOTAL	3.862.527,95

2º/ Aproba-las Bases de Execución do Orzamento tal e como figuran redactadas, coas delegacións contidas nas mesmas.

3º/ Formar e aproba-los Anexos ou plantilla de Persoal (Denominados Relación-Catálogo de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal) para o exercicio 2021, de acordo co disposto no artigo 90.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, integrada por:

- Doce prazas de funcionarios de carreira.
 - Dúas praza de funcionario carreira de auxiliar administrativo a extinguir, extinguíndose no intre de que as titulares supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral.
 - 59 postos de traballo de persoal laboral fixo, dos cales 23 con carácter discontinuo.
 - Postos de traballo de persoal laboral temporal, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, pero que se consideran esenciais, inaprazables e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.
- Co complemento de destino (nivel) asignado a cada unha das prazas de funcionarios, que no experimentan variación con respecto as vixentes no exercicio 2020 e de complemento específico.


CADRO DE PERSOAL 2021 A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Subescala
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	A/A1	28	Habilit. carácter estatal	Secretaría-Intervención
TÉCNICO MEDIO ADM. XERAL	1	A/A2	22	Administ. Xeral	Xestión (TM)
ADMINISTRATIVO	2	C/C	20	Administ. Xeral	Administrativa
AUXILIAR	3	D/C2	18	Administ. Xeral	Auxiliar
POLICIA LOCAL	4	C/C1	19	Administ. Especial	Servicios Especiais
OPERARIO	1	E	14	Administ. Especial	Servicios Especiais

Auxiliar: Grupo C, Subgrupo C2, DOUS postos de Auxiliar quedan na situación “a extinguir”, ao amortizarse no intre que sexan cubertos os postos de Administrativo por promoción interna.

POLICÍA LOCAL (Artigo 29 e Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais)

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Categoría	Observacións





Concello de Meaño

POLICÍA	1	C/C1 (A extinguir)	19	Básica	Policía	4 prazas de Policía
POLICÍA	1	C/C1	19	Básica	Policía	Transformada 1 das
POLICÍA	1	C/C1	19	Básica	Policía	prazas de Policía
OFICIAL (Por transformación dunha de Policía)	1	C/C1	19	Básica	Oficial	en Oficial.

Policia Local*: Grupo C, Subgrupo C1, situación "a extinguir" (Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais)

No intre da acreditación da titulación académica requerida quedará integrada para tódolos efectos no Grupo/Subgrupo C/C1.

Oficial, que asumirá as funcións de xefe da policía ata que sexa nomeado o xefe do corpo da Policía Local de Meaño.

B) PERSOAL LABORAL

FIXO

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
TECNICA PERSOAL-AXENTE EMPREGO E DESENV LOCAL	1	TEMPO COMPLETO
ASISTENTE SOCIAL	1	TEMPO COMPLETO
EDUCADOR/A FAMILIAR	1	TEMPO COMPLETO
INFORMADOR/A XUENIL	1	TEMPO COMPLETO
ARQUITECTA TECNICA	1	TEMPO PARCIAL
MESTRAS EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	4	TEMPO COMPLETO
TÉCNICO ESPECIALISTA XARDÍN INFANCIA	2	TEMPO COMPLETO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO ATENCIÓN PRIMARIA	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO (Encargado obras e servizos)	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO (Encargado CEIP e pavillón Dena)	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO SERVICIOS VARIOS	2	TEMPO COMPLETO
OPERARIO (Encargada de parques e xardíns)	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO SERVICIOS ESPECIALS (Encargado edificios municipais)	1	TEMPO COMPLETO
LIMPADORA (Encargada)	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO (Encargado de maquinaria)	1	TEMPO COMPLETO
ARQUITECTO/A	1	TEMPO PARCIAL
COIDADOR/A-CONDUCTOR/A TRANSP. ASISTENCI	1	TEMPO COMPLETO
COIDADORA TERCEIRA IDADE CENTRO SOCIAL POLIV	1	TEMPO COMPLETO
TÉCNICO/A ANIMADOR SOCIO-CULTURAL CENTRO SOCIAL POLIV	1	TEMPO COMPLETO

FIXO DERIVADO DO PLAN DE ESTABILIZACIÓN 2019


DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
LIMPADOR/A ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS (TP 20 horas/semanais)	1	TEMPO PARCIAL
COIDADORAS DE AXUDA A DOMICILIO (TP 25 horas/semanas)	8	TEMPO PARCIAL
AUXILIAR DE COORDINACIÓN SAF (TP 14 horas semanas)	1	TEMPO PARCIAL
CONSERXE OFICIO VARIOS CENTRO SOCIAL (TP 25 horas semanas)	1	TEMPO PARCIAL

FIXO DERIVADO DO PLAN DE ESTABILIZACIÓN 2020

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
AUXILIAR BIBLIOTECA (TP 20 horas/semanais)	1	TEMPO PARCIAL

FIXO DISCONTINUO DERIVADO DO PLAN DE ESTABILIZACIÓN 2020

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
LIMPADOR.ES/AS CEIP /PAZO LIS/PAVILLON (TP 20 horas semanas. Período xaneiro-xuño/setembro-dецembro)	6	TEMPO PARCIAL
COIDADORAS PLAN MADRUGA-COMEDOR (TP 25 horas semanas. Período xaneiro-xuño/setembro-dецembro)	2	TEMPO PARCIAL





Concello de Meaño

MESTRES DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MEAÑO (TP en función da demanda. Período xaneiro-xuño/outubro-décembro)	3	TEMPO PARCIAL
TECNICA/O XIMNASIA TERAPEUTICA CENTRO SOCIAL POLIVALENTE (TP en función da demanda. Xornada e período máximo 25 horas semanas, xaneiro-maio/outubro-décembro)	1	TEMPO PARCIAL
MONITOR ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS (TP en función da demanda. Período máximo xaneiro-maio/outubro-décembro)	1	TEMPO PARCIAL

FIXO DISCONTINUO DERIVADO DO PLAN DE ESTABILIZACIÓN 2020 DE POSTOS CORRESPONDENTES A PERSOAL DECLARADO INDEFINIDO NON FIXO MEDIANTE SENTENZA XUDICIAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
MESTRES DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MEAÑO (TP en función da demanda)	10	TEMPO PARCIAL

C) TEMPORAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
OPERARIO PISCINA - VERAN	1	XORNADA COMPLETA
COIDADORAS PLAN	1	XORNADA PARCIAL
MADRUGA-COMEDOR	1	XORNADA COMPLETA
AUXILAR DE POLÍCIA		

Coa adscrición do persoal declarado indefinido non fixo por sentenza, ata a cobertura dos postos con carácter laboral fixo, aos postos de traballo vacantes de persoal laboral fixo na categoría para a que foron contratados.

O cadro de persoal da escola municipal de música de Meaño abranguerá as seguintes materias: Bombardino, tuba, inicio linguaxe musical, linguaxe musical, clases grupais, trombón, música en movemento, guitarra, flauta, coro, piano, trompeta, clarinete, fagot, oboe, chelo, trompa, sasofón e percusión.

Dado que, da resolución dos procedementos de estabilización de emprego non pode derivarse incremento de gasto, as imparticións destas materias e por ende as xornadas de traballo estarán determinadas pola:

- Disponibilidade de crédito na aplicación orzamentaria de retribucións de mestres de escola de música.

- A demanda do servizo.

Este mesmo criterio será de aplicación aos restantes postos de persoal laboral fixo discontinuo cuxos servizos estén suxeitos a demanda.

4º En relación á prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo do Concello de Meaño, aboar o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de disfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, acade o





Concello de Meaño

100% das retribucións ordinarias do mes do inicio da incapacidade temporal.

5º/Aproba-los Cadros de Retribucións do persoal funcionario e do persoal laboral, coas características que figuran nas bases de aplicación de retribucións e recollidos nas bases de execución, co incremento previsto no artigo 18.Dous da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021. Así mesmo serán de aplicación as instrucións que sobre xornada e horario de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado se ditén pola Secretaria de Estado de Función Pública.

6º Aprobar, ó abeiro do artigo 75.1.2 e 5 e 75 bis.1 e ter.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, como cargos a desempeñar con dedicación e retribucións:

- As retribucións da Alcaldía, dedicación exclusiva 100% da xornada, para o exercicio 2021 ascenden a 38.000,00 €, que se distribuirá en doce mensualidades iguais.
- As retribucións da Concelleira de educación, cultura, deporte, ocupación do tempo libre, infancia e xuventude, turismo e comercio, dedicación parcial 10 horas semanais, para o exercicio 2021 ascenden a 5.000,00 €, que se distribuirá en doce mensualidades iguais.

7º Aprobar para o exercicio económico 2021, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a asignación de dotación económica aos Grupos Políticos, que ten carácter de subvención, que queda fixada nunha contía total de 3.200,00 € (2.880,00 €/2021 e 320,00 €/2020 MI) €, con cargo á aplicación presupostaria 912.48000.

Esta asignación distribúese en función dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo, que ascende a 320,00€/grupo/ano, e outro variable a razón de 320,00 €/concelleiro/ano, en función do número de membros de cada un deles, quedando asignado para o período xaneiro-maio como sigue:

Grupo político	Nº Concelleiros	Parte fixa €	Parte variable €	Total asignación económica €
PSdeG-PSOE	2	320,00 €	640,00 €	960,00 €
MI	5	320,00 €	1.600,00 €	1.920,00 €
TOTAL	7	640,00 €	2.240,00 €	2.880,00 €

Co recoñecemento do importe pendente de aboar por erro do cálculo no exercicio 2020 e que ascende a 320,00 € ao Grupo Municipal Agrupación de Electores Veciñal Meaño Independiente.

8º Establécense, ao abeiro dos artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, artigo 9 da Lei Xerla de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as seguintes subvencións nominativas:





Concello de Meaño

ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA			
APLICACIÓN	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE
231.48000	Asoc. para Discapacitados ESPERANZA SALNÉS CIF G36282184	Programas de intervención terapéutica	700,00 €
231.48000	Asoc. Española de Loita conta o Cancro CIF G28197564	Atención psicosocial e prevención	350,00 €
231.48000	Fundación Amigos de Galicia CIF G15859911	Cobertura necesidades básicas a persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos	250,00 €
231.48000	Banco de Alimentos Rías Baixas CIF 94074051	Cobertura necesidades básicas a persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos	500,00 €
PROMOCIÓN CULTURAL			
334.480.01	Asoc. Cult Unión Musical de Meaño CIF G36143857	Director/conxunto musical-Fomento da cultura	12.000,00 €
PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE			
341.480.01	Unión Dena CF CIF G36156305	Escola deportiva de fútbol- Fomento do deporte	9.500,00 €
341.480.02	Asoc. Deport. e CuturlaASMUBAL CIF G36535516	Escola deportiva de balonmán- Fomento do deporte	6.500,00 €
341.480.03	Asoc. Cultural e Deportiva GAM	Escola deportiva de tenis de mesa- Fomento do deporte	2.000,00 €
341.480.04	Asoc. Deport. e CuturlaASMUBAL CIF G36535516	Competición en liga nacional - Fomento do deporte	5.000,00 €

O convenio será o instrumento para canalizar estas subvencións.

9º Dáse conta da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite da débeda con motivo da aprobación do Orzamento Municipal 2021, no que se conclúe que cumpre o obxectivo de estabilidade presupuestaria entendido coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC 95 e cumpre o límite da da débeda ao non contar con débeda.

10º Que se expoña ó público o expediente do Orzamento con toda a documentación que o integra, por un prazo de quince días hábiles, mediante edictos publicados no BOP, no taboleiro de anuncios e páxina Web do Concello de Meaño para os efectos de exame e presentación de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, de non formularse reclamacións contra o mesmo; remitíndose posteriormente copias ao Ministerio correspondente e a Vicepresidencia, Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa publicación final do edicto do Orzamento, resumido por capítulos, co cadro de persoal aprobado e cargos con dedicación, segundo se establece na lexislación vixente.





Concello de Meaño

3º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 1/2021. (EXP. 441/2021).-

O Sr. alcalde-presidente da conta, someramente, da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto, sinalando que visto o expediente de modificación de crédito concesión de crédito extraordinario 1/2021, motivado e que afecta a:

Capítulo IV:

Que afecta a:

- Achega ao Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e o Concello de Meaño para a concesión das axudas ao sector da hotalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da COVID-19.

Capítulo VI:

Que afecta a:

1. Mellora da rede viaria do Concello de Meaño, que inclúe:

* Un proxecto integral de pavimentación e mellora da seguridade vial na rede viaria do termo municipal.

* Ampliación, mellora e pavimentación do acceso Caxoi-Lores.

Estas actuacións permitiran mellorar os accesos e a seguridade viaria dos usuarios, a vez que alonga a vida útil destas infraestruturas e reduce os custos de mantemento.

* Achega municipal a convocatoria de axuda para a redacción de proxecto de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da REDE ÁGORA.

2. Cerramento e acondicionamento, non fixo, do palco da música da praza do Concello, o que permitirá mellorar as condicións de uso e aproveitamento desta instalación.

3. Mellora de parques, que inclúe, entre outras melloras a dotación de cespede artificial das pistas deportivas no parque O Barreiro e Pasales e de xogos infantís.

Estas actuacións permitiran mellorar as condicións de uso destas instalacións.

4. Mellora de instalacións deportivas, que abrangue:

* A mellora da cuberta do pavillón de Meaño

* Achega municipal a convocatoria de axuda ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2020 para o acondicionamento térmico no pavillón polideportivo de Meaño.

Estas actuacións permitiran mellorar subsanar as deficiencias existentes na cuberta desta pavillón derivadas do paso do tempo e as condicións de uso, a vez que alonga a vida útil destas infraestruturas.

5. Adquisición de terreo en Os Pasales, co ánimo de ampliar o espazo público recreativo.

6. Ampliación da rede de saneamento que afecta ao lugar de Vilaxuega a Cachada do Río.





Concello de Meaño

Considerando o acordo adoptado polo Consello de Ministros en data 6 de outubro de 2020 pola que se aproba a suspensión das regras fiscais e a apreciación feita polo Pleno do Congreso dos Diputados, en sesión de data 20 de outubro de 2020, da situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais.

Considerando que, de conformidade coas disposicións vixentes, cando deba efectuarse algún gasto específico e determinado que non poida demorarse ata o exercicio seguinte para o que non exista crédito, a Corporación poderá acorda-la realización dun expediente de concesión de crédito extraordinario.

Considerando que, estas modificacións poderán financiarse con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2020, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril.

Esta Alcaldía, a vista do informe emitido pola secretaria-interventora, e co ánimo de ir mellorando as distintas infraestruturas municipais e por ende a prestacións dos distintos servizos; proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo, que foi ditaminado favorablemente (coa abstención da Sr./Sras. García Piñeiro, Ásperez Montes e Castro Pintos e tres votos a favor dos membros non adscritos) pola Comisión Especial de Contas:

1º Aprobar inicialmente o expediente de Modificación de créditos: concesión de créditos extraordinarios n.º 1/2021, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2020, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 201, nos seguintes termos:


CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 1/2021

CAPITULO IV

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
241.45000	61.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Convenio de colaboración entre Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e o Concello de Meaño
TOTAL	61.000,00		

CAPÍTULO VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
160.61900	40.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Ampliación da rede de saneamento Vilaxuega-Cachada
171.61900	75.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Mellora áreas recreativas O Barreiro, Os Pasaes e outros
333.63200	150.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Cerramento e acondicionamento, non fixo, do palco da música da praza do Concello
342.63200	45.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Mellora de instalacións deportivas pavillón As





Concello de Meaño

			Covas e outras
454.60900	15.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Achega municipal á redacción de proxecto de mobilidade amable
454.61909	850.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Proxecto integral de pavimentación e mellora da seguridade vial de viarios do termo municipal
454.61910	60.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Ampliación, mellora e pavimentación de acceso a Caxoi-Lores
933.60000	30.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Adquisición terreos en Os Pasales
TOTAL	1.265.000,00		

Quedando o resume por Capítulos como figura na proposta

2º Que continúe a tramitación do expediente coa exposición pública para os efectos de reclamación, na forma e prazos que se establece no artigo 169 del R.D.Lvo2/2004, de 4 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos artigos 37 e 38 do R.D. 500/90, do 20 de abril; quedando definitivamente aprobado, sen prexuízo das publicacións pertinentes, de non presentarse reclamacións contra o mesmo.

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, por sete abstencións (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal MI e do PSdeG-PSOE) e seis votos a favor (dos/as concelleiros/as non adscritos) acorda:

1º Aprobar inicialmente o expediente de Modificación de créditos: concesión de créditos extraordinarios n.º 1/2021, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2020, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 201, nos seguintes termos:


CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 1/2021

CAPITULO IV

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
241.45000	61.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Convenio de colaboración entre Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e o Concello de Meaño
TOTAL	61.000,00		

CAPÍTULO VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
160.61900	40.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Ampliación da rede de saneamento Vilaxuega-Cachada





Concello de Meaño

171.61900	75.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Mellora áreas recreativas O Barreiro, Os Pasales e outros
333.63200	150.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Cerramento e acondicionamento, non fixo, do palco da música da praza do Concello
342.63200	45.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Mellora de instalacións deportivas pavillón As Covas e outras
454.60900	15.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Achega municipal á redacción de proxecto de mobilidade amable
454.61909	850.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Proxecto integral de pavimentación e mellora da seguridade vial de viarios do termo municipal
454.61910	60.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Ampliación, mellora e pavimentación de acceso a Caxoi-Lores
933.60000	30.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Adquisición terreos en Os Pasales
TOTAL	1.265.000,00		

Quedando o resume por Capítulos como segue:

- Orzamento prorrogado:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.682.858,711.5	1	Impostos directos	1.390.500,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.576.036,07	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	641.813,00
4	Transferencias correntes	207.455,17	4	Transferencias correntes	1.632.785,00
6	Investimentos reais	3.039.825,87	5	Ingresos patrimoniais	6.500,00
7	Transferencias de capital	24.930,77	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	678.392,09
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	2.151.115,50
			9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	6.531.106,59		TOTAL	6.531.106,59

- Orzamento 2021 en tramitación

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.740.412,71	1	Impostos directos	1.439.700,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.626.786,07	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	585.710,00
4	Transferencias correntes	239.035,17	4	Transferencias correntes	1.586.948,10
6	Investimentos reais	3.232.575,82	5	Ingresos patrimoniais	4.500,00
7	Transferencias de capital	24.930,77	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	1.065.765,94
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	2.151.115,50
			9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	6.863.740,54		TOTAL	6.863.740,54

2º/ Que continúe a tramitación do expediente coa exposición pública para os efectos de reclamación, na forma e prazos que se establece no artigo 169 del R.D.Lvo2/2004, de 4 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos artigos 37 e 38 do R.D. 500/90, do 20 de abril; quedando definitivamente aprobado, sen prexuízo das publicacións pertinentes, de non presentarse reclamacións contra o mesmo.





Concello de Meaño

4º.- ADHESIÓN AO CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO SECTOR DA HOSTELERÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS POR CAUSA DA COVID-19. (EXP. 433/2021).-

O Sr. alcalde-presidente da conta, someramente, da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto, que foi ditaminado favorablemente por unanimidade dos membros da Comisión Especial de Contas, e cuxo tenor literal é o seguinte:

“O Vicepresipresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo conxuntamente coa conselleira de Emprego e Igualdade con data 07-04-2021, remiten borrador de “Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Igualdade e o Concello de Meaño, para a concesión de axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da COVID-19”.

O “Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Igualdade e o Concello de Meaño, para a concesión de axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da COVID-19”, ten por obxecto **instrumentar a colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Meaño para a concesión de axudas ao sector da hostalaría, para aqueles negocios que quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridade sanitarias por causa da COVID-19**, xa que como consta no expoñendo 6º do Convenio “O sector hostaleiro de Galicia, cunha función económica e social esencial, está composto, na súa maioría, por microempresas e, principalmente, por persoas traballadoras autónomas, que son as principais protagonistas na creación de emprego. Por tal motivo, as distintas administracións públicas están a impulsar medidas para fomentar a actividade económica e mais concretamente para **apoiar o mantemento do emprego na hostalaría de Galicia como axentes dinamizadores da economía** na comunidade autónoma”, despois das medidas adoptadas pola autoridade sanitaria con motivo da pandemia derivada do COVID e que afectaron directamente ao sector hosteleiro.

Co ánimo de apoiar e contribuir ao mantemento do emprego na hostalaría no Concello de Meaño proponse participar no mesmo cunha achega de 61.000,00 € para complementar as axudas da Orde do 22 de febreiro para o Programa I (Hostalaría), co fin de que se destinen a conceder axudas complementarias, por importe de 1.000,00 € a cada unha das solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado a) da cláusula Sexta e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do Concello de Meaño, sempre e cando cumplan os requisitos sinalados na Orde do 22 de febreiro, que foron un total de 61.

É competencia dos concellos, ao abeiro do artigo 86.1.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia “A ocupación e a loita contra o paro”.

Pola súa parte o artigo 10 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que a Administración local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos; engadindo no punto 2 que **procederá a coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas restantes administracións públicas cando as actividades ou os servizos locais trascendan o interés propio ou sexan concorrentes ou complementarios; configurándose o convenio interadministrativo, regulado nos artigos 57.2 da Lei 7/198, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 57 e ss da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, como o mecanismo para materializar o interés público que teñen encomendado.**





Concello de Meaño

A aplicación orzamentaria de imputación da achega do Concello no momento actual non conta con crédito suficiente para facer fronte a este gasto, polo que se atopa en tramitación a correspondente habilitación de crédito adecuado e suficiente mediante o correspondente expediente de concesión de crédito extraordinario.

A vista do que antecede e dos informes emitidos pola secretaria-interventora, esta Alcaldía proponlle á Comisión Especial de Contas, que ditamine favorablemente este asunto e a súa vez lle propoña ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adhesión ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE MEAÑO, PARA A CONCESION DE AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIA POR CAUSA DA COVID-19, cos compromisos contidos no mesmo, e tendo en conta que:

- Cláusula sexta, b) A achega destinarase a conceder axudas complementarias, por importe de 10.000,00 € para cada un dos establecementos, as solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado anterior e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do Concello de Meaño.

- Cláusula sexta, c) Co cargo á aplicación orzamentaria do Orzamento municipal 241.45000.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto que supón a achega municipal prevista neste Convenio, que ascende a 61.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria do Estado de Gastos do Orzamento Municipal 241.45000, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente coa entrada en vigor da modificación de crédito, mediante a concesión de crédito extraordinario, en tramitación.

3º.- Facultar, tan amplamente como sexa preciso, á Alcaldía para a execución deste acordo e sinatura do presente convenio.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros, acorda aprobar a devandita proposta:

1º.- Adhesión ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE MEAÑO, PARA A CONCESION DE AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIA POR CAUSA DA COVID-19, cos compromisos contidos no mesmo, e tendo en conta que:

- Cláusula sexta, b) A achega destinarase a conceder axudas complementarias, por importe de 10.000,00 € para cada un dos establecementos, as solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado anterior e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do Concello de Meaño.

- Cláusula sexta, c) Co cargo á aplicación orzamentaria do Orzamento municipal 241.45000.





Concello de Meaño

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto que supón a achega municipal prevista neste Convenio, que ascende a 61.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria do Estado de Gastos do Orzamento Municipal 241.45000, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente coa entrada en vigor da modificación de crédito, mediante a concesión de crédito extraordinario, en tramitación.

3º.- Facultar, tan amplamente como sexa preciso, á Alcaldía para a execución deste acordo e sinatura do presente convenio.

E non sendo outro o obxecto desta sesión extraordinaria, polo Sr. presidente dáse por rematada ás 21:33 horas, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente.

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade e integridade coa seguinte sinatura dixital:

“Formato: VIDEO (WMV)

Nombre archivo: {7D06AFC7-D1B1-402D-9CDA-49A19D234B65}.wmv

SHA512(Firma):

8497a226e1ea874a1f82c8730ea3c3cb609ed855c25c02615025d7c507af39b802458dd4304dd73fb985b3c6826185a396e15b85093b3c8399e27a533368de98”.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

